

Turismo en Galicia

Balance anual 2016



galicia

DEMANDA TURISTICA

Comportamento positivo da demanda turística nos establecementos regrados de Galicia –hoteles, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- no ano 2016. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 7,4% e o volume de noites un 9,2% en relación ao anterior ano 2015.

Galicia ocupa o oitavo lugar no ranking das CC.AA. representando o 2,2% do total de España.

Evolución Demanda Turística nos Establecementos Regrados. 2016/15

Viaxeiros

Noites

7,4%

9,2%

DEMANDA TURISTICA


Noites nos establecementos regrados e variación interanual por CC.AA. Ano 2016

NOITES	
ESPAÑA	451.317.156
Canarias	102.529.310
Cataluña	78.799.788
Baleares	69.573.982
Andalucía	65.894.665
C. Valenciana	46.733.646
Madrid	24.933.102
Castela e León	10.516.024
<i>Galicia</i>	<i>10.053.721</i>
Aragón	7.301.015
País Vasco	6.825.250
Asturias	5.313.167
Murcia	5.214.272
Cantabria	4.996.166
Castela A Mancha	4.693.793
Extremadura	3.125.802
Navarra	2.889.285
A Rioxa	1.555.552

Var. Int. NOITES	
ESPAÑA	7,5%
Aragón	11,5%
Castela A Mancha	9,9%
Navarra	9,5%
<i>Galicia</i>	<i>9,2%</i>
Murcia	9,2%
Canarias	9,1%
C. Valenciana	8,9%
País Vasco	8,8%
Asturias	7,8%
Andalucía	7,7%
Extremadura	7,3%
Cantabria	7,2%
Baleares	6,7%
Castela e León	6,4%
Cataluña	5,6%
A Rioxa	4,1%
Madrid	3,2%


É o cuarto ano consecutivo no que se rexistra un comportamento positivo da demanda turística regrada en Galicia –no ano 2013 rompérase a tendencia anterior e a cifra de viaxeiros aloxados medrara un 4,3%, porcentaxe que ascende ao 8,1% en 2014 e ao 12,4% en 2015-.
Con máis de 4,9 millóns de viaxeiros aloxados Galicia marca neste ano un máximo histórico –superando nun 15% a cifra do último ano Xacobeo-.

Evolución Viaxeiros Aloxados nos Establecementos Regrados. Anos 2012-16



Do lado das pernoctacións acontece algo similar. Consólídase neste 2016 o crecemento rexistrado nos tres anos anteriores -do 1,3% en 2013, do 5,4% en 2014 e do 8,5% en 2015- dando como resultado que a nosa comunidade rexistre máis de dez millóns no conxunto da oferta regrada –cifra que marca tamén un máximo histórico en Galicia-. En termos absolutos a nosa comunidade xerou nestes catro anos máis de dous millóns de novas pernoctacións nos establecementos regrados. En comparación co 2015 o sector xerou preto de 850 mil novas pernoctacións.


Evolución Noites nos Establecementos Regrados. Anos 2012-16



DEMANDA TURÍSTICA

O 39% da demanda turística concéntrase no verán sendo agosto o mes de maior afluencia á nosa comunidade -en 2016 xeráronse máis de 2,2 millóns de noites no oitavo mes do ano, o 22% do total de 2016-. En temporada media –meses de maio, xuño, setembro e outubro- achégase o 36% do total quedando un cuarto da demanda –o 25%- en temporada baixa –de novembro a abril-. Mantense, por tanto, o carácter estacional do turismo na nosa comunidade.

Demanda Turística nos Establecementos Reградos. Noites 2016, por meses




DEMANDA TURÍSTICA

Desde unha perspectiva temporal –tomando como referencia os últimos cinco anos- obsérvase que o volume e peso da demanda en temporada alta –meses de xullo e agosto- é maior ao que se rexistra en temporada media e en temporada baixa –sendo estes períodos máis amplos-.

Esta distancia mesmo se incrementou nos últimos anos pois o peso da temporada alta pasa do 36,7% do total da demanda anual en 2012 ao 39,0% agora en 2016. Sobe igualmente, aínda que en menor medida, o peso da temporada media e perde representatividade a temporada baixa.

En resumo, por tanto, semella que nestes anos se acentuou o carácter estacional do turismo en Galicia.


Reparto da demanda Turística nos Establecementos Regrados. Temporadas 2012-16



DEMANDA TURÍSTICA

Os bos resultados deste ano 2016 veñen como consecuencia dos crecementos rexistrados en todos os meses do ano –agás en abril polo efecto do calendario por mor da celebración da Semana Santa en meses diferentes en comparación co 2015-. Os incrementos son de intensidade variable máis non moi dispares superando o 10% interanual en febreiro, xullo, outubro e novembro. A suba rexistrada en marzo está condicionada tamén polo efecto do calendario. En maio e xuño os crecementos son máis moderados. En conclusión, obsérvase homoxeneidade do comportamento da demanda a nivel temporal.

Evolución Demanda Turística nos Establecementos Regrados. 2016/15, por meses




MERCADOS TURÍSTICOS

O 77,3% da demanda turística regrada rexistrada en 2016 corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba tanto ao turismo interno –dos residentes en Galicia que representan o 28,9%- como ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas cun 48,5% neste caso-. Ambos segmentos xeraron preto de 7,8 millóns de pernoctacións neste ano.

O turismo internacional supón o 22,7% do total da demanda regrada en 2016 con case 2,3 millóns de pernoctacións neste caso.

Peso dos principais mercados nos Establecementos Regrados. Ano 2016




MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase neste ano un comportamento positivo dos tres grandes segmentos de mercado, cun crecemento equivalente dos dous de ámbito nacional e algo máis elevado no internacional.

Tanto o mercado interno coma o receptor nacional incrementan nun 8,9% os niveis de demanda do pasado ano –medida en pernoctacións-, circunstancia motivada pola mellora parella da cifra de viaxeiros aloxados en ambos casos.

Similar comportamento se observa do lado do turismo internacional que sobe un 10,2% auspiciado por un incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 7,8%- nun contexto de mellora da estadía media –do 2,3% neste caso-.


Evolución principais mercados nos aloxamentos regrados . 2016/15



MERCADOS TURÍSTICOS

Neste ano 2016 consolídase a recuperación do turismo interno en Galicia cando menos no segmento regrado. O mercado dos residentes na comunidade presenta un incremento do 8,9% que da continuidade ás subas rexistradas en 2014 –de case o 1%- e 2015 –do 2,6%- acadando con iso a cifra global de 2,9 millóns de pernoctacións –o nivel máis elevado desde o 2010 aínda que cun valor próximo ao mesmo-. En viaxeiros aloxados a cifra queda por encima de 1,3 millóns. En síntese este mercado recupera os niveis previos á crise cando se situaba levemente por encima dos tres millóns de pernoctacións no conxunto da comunidade.

Evolución Mercado Interno nos Aloxamentos Regrados. Noites 2012-16




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado nacional receptor acumula incrementos consecutivos nos catro últimos anos –con intensidade crecente- acadando neste 2016 preto de 2,2 millóns de viaxeiros aloxados e de 4,9 millóns de pernoctacións regradas –as cifras máis elevadas dos últimos seis anos-. En 2010 este segmento conseguira xerar máis de 5,1 millóns de noites nos aloxamento regrados.

Con esta tendencia o mercado receptor nacional recupera tamén os niveis de demanda anteriores á crise.

Evolución Mercado Receptor Nacional nos Aloxamentos Regrados. Noites 2012-16




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado internacional marca neste ano niveis de demanda nunca antes vistos como consecuencia da acumulación de crecementos interanuais en cinco anos consecutivos –en 2012 este segmento rexistraba pouco máis de 1,5 millóns de pernoctacións nos aloxamentos regrados, cifra que sobe a preto de 2,3 millóns agora en 2016-.

Similar comportamento se observa do lado dos viaxeiros aloxados acumulando tamén cinco anos de crecemento consecutivos e acadando neste caso case 1,4 millóns no conxunto da comunidade.

Evolución Mercado Internacional nos Aloxamentos Regrados. Noites 2012-16




MDOS. TURÍSTICOS – TURISMO INTERNACIONAL

O mellor comportamento relativo do turismo internacional fronte aos restantes segmentos conleva que este mercado incremente progresivamente o seu peso dentro da estrutura da demanda en Galicia. Tal circunstancia acontece de forma continua desde o 2009 cando supoñía o 15,7% do total.

En 2016 achégase ao 23%, porcentaxe que no ámbito dos viaxeiros aloxados sobe ao 27,9%. Ambas supoñen máximos históricos na nosa comunidade.

Consólidase neste ano, por tanto, o cambio lento pero progresivo na estrutura da demanda turística na nosa comunidade.


Evolución PESO DO TURISMO INTERNACIONAL na Demanda Regrada. 2011-16



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑÓIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística regrada, o mercado interno – dos residentes en Galicia- representa en 2016 o 28,9% do total das pernoctacións nos establecementos regrados.
- Dentro do ámbito nacional Madrid é o principal mercado emisor a nivel nacional. Con algo máis de 1,3 millóns de noites representa o 13,1% do total da demanda turística regrada.
- Seguen en orde de importancia Castela e León –co 5,7%-, Andalucía –co 5,1%-, Cataluña –co 4,9%- e Asturias –co 4,3% do total da demanda regrada neste caso-.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. En 2016 rexístranse preto de 390.000 pernoctacións procedentes do país veciño, o 3,9% do total da comunidade.
- A nivel internacional destacan tamén como principais mercados Alemaña –co 2,5% das noites-, Italia –co 2,1%-, Francia –co 2,0%- e EE.UU. –co 1,7% neste caso-.
- Por terceiro ano consecutivo en Galicia o mercado americano supera en volume e peso ao mercado británico –cando menos no ámbito do aloxamento regrado-, circunstancia que lle permite colocarse en quinta posición no ranking de principais mercados internacionais.
- O mercado británico sitúase en sexto lugar co 1,5% do total da demanda regrada.


MERCADOS TURÍSTICOS

O bo comportamento do mercado nacional vén como consecuencia do crecemento rexistrado na maior parte dos principais mercados emisores.

Destacan por intensidade os incrementos rexistrados por Cataluña e Madrid –mercados de maior peso relativo que se incrementan nun 13,2% e 11,5% respectivamente en relación ao 2015-. Contribúe tamén en boa medida a suba rexistrada por Andalucía, levemente por encima do 10%.

Só o País Vasco marca a excepción neste ano cunha caída do 3% no conxunto da oferta regrada.

Evolución Principais Mercados Nacionais nos Aloxamentos Regrados . Noites 2016/15




MERCADOS TURÍSTICOS

A nivel internacional obsérvase tamén un crecemento xeneralizado dos principais mercados emisores, destacando neste caso por intensidade as melloras rexistradas polo mercado portugués –que superan en máis dun 20% os niveis do pasado 2015 con máis de 66 mil novas pernoctacións-. Francia, Reino Unido amosan tamén incrementos notables, por encima do 10% interanual.


Alemaña e Italia presentan neste caso os crecementos máis suaves, do contorno do 4% en ambos en relación ao 2015.

Evolución Principais Mercados Internacionais nos Aloxamentos Regrados . Noites 2016/15



En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda turística regrada presenta un claro desequilibrio cara as provincias do litoral atlántico fronte o interior da comunidade. Neste 2016 as provincias de A Coruña e Pontevedra absorben o 80% do total da demanda cun reparto moi semellante entre ambas –aínda que en sentido estrito é A Coruña a que xera maior volume de pernoctacións con máis de 4,1 millóns neste ano-. En Pontevedra o nivel fica levemente por encima dos 3,9 millóns. O 20% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma dispar entre Lugo –que absorbe o 13% do total da demanda- e Ourense –provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade-.

Demanda turística regrada por provincias. Ano 2016




ANÁLISE TERRITORIAL

En termos xerais obsérvase neste 2016 un comportamento homoxéneo da demanda a nivel territorial, con crecementos variables nas catro provincias galegas. En termos de intensidade son as provincias do sur – Ourense e Pontevedra- as que presentan un incremento máis notable superando nun 12,6% e 14,6% respectivamente os niveis de 2015.

En A Coruña e Lugo os crecementos son máis moderados, do 5,4% na primeira e do 4,8% nesta última. En tres das catro provincias galegas a mellora dos niveis de demanda vén provocado en grande medida por un incremento da cifra de viaxeiros aloxados. A excepción está en Lugo onde a suba da demanda vén do lado da estadaía media –pois o volume global de viaxeiros cae un 3,4%-.

Variación da demanda turística regrada por provincias. 2016/15




ANÁLISE TERRITORIAL

Terras de Santiago, que inclúe a cidade de Compostela, é o destino turístico de Galicia de maior volume e peso desde o punto de vista da demanda. Absorbe neste 2016 o 21,6% do total das noites hoteleiras rexistradas na comunidade. Seguen en orde de importancia, nun segundo grupo, os destinos Ría de Arousa –que inclúe as vilas de Sanxenxo e O Grove, co 17,0%-, Ría de Vigo e Baixo Miño –coa cidade de Vigo, co 14,2%- e A Coruña - As Mariñas –co 13,3% neste caso-.

Estes catro grandes destinos representan en conxunto ao 66% do total da demanda hoteleira de Galicia. O terzo restante repártese nos outros xeodestinos considerados entre os que destacan aqueles que inclúen destinos urbanos da comunidade.


Demanda turística hoteleira por xeodestinos. Ano 2016



ANÁLISE TERRITORIAL

A meirande parte dos destinos turísticos de Galicia presentan un comportamento positivo da demanda neste ano 2016, cando menos no segmento hoteleiro. Destacan en intensidade –desde o punto de vista porcentual- os incrementos rexistrados en Manzaneda-Trevinca –onde o número de noites sobe un 29% en relación ao pasado ano-, en Ría de Vigo e Baixo Miño e no Ribeiro –con subas por encima do 15% interanual-. Constitúen a excepción tres destinos concretos que amosan caídas da demanda hoteleira en relación ao 2015: Costa da Morte –cun descenso do 3%-, Ría de Muros e Noia –do 23%- e Ancares-Courel –do 39% neste caso-.

Variación da demanda turística hoteleira por xeodestinos. 2016/15




ANÁLISE TERRITORIAL

En termos absolutos é o destino Ría de Vigo e Baixo Miño o que xerou un maior número de noites en comparación co pasado ano -en particular, os establecementos hoteleiros do mesmo engadiron preto de 195 mil novas noites ás cifras de 2015-.

Seguen en orde de importancia Ría de Arousa –onde se xeraron case 109 mil noites- e Terras de Santiago –con algo máis de 77 mil novas noites-.

Estes tres son xustamente os destinos de maior volume e peso da demanda hoteleira en Galicia e, por tanto, os que teñen maior capacidade de xerar un maior número de pernoctacións.


Variación da demanda turística hoteleira por xeodestinos (en termos absolutos). 2016/15



O 46% da demanda hoteleira de Galicia corresponde aos destinos urbanos, isto é, rexístrase nos hoteis e pensións das sete cidades da comunidade. O 54% atribúese a destinos de litoral e interior entre os que destacan as vilas de Sanxenxo e O Grove, nas Rías Baixas.

A cidade de Santiago lidera o ranking dos destinos urbanos de Galicia. En 2016 rexistra preto de 1,4 millóns de noites nos establecementos hoteleiros, cifra que supón o 37% do total da demanda dos destinos urbanos e o 17% de toda Galicia. Seguen en orde de importancia as cidades de A Coruña –con pouco máis de 900 mil noites- e Vigo –con preto de 720 mil neste 2016-.

Demanda turística hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Ano 2016




ANÁLISE TERRITORIAL

Obsérvase un comportamento positivo homoxéneo da demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia con crecementos xeneralizados agás no caso de Ferrol, única cidade que rexistra unha caída do 6% en relación ao pasado ano.

Neste 2016 son as cidades de Lugo, Pontevedra e Vigo as que presentan os incrementos de maior intensidade, superando nun 21% a primeira e nun 19% estas dúas últimas os niveis de demanda do pasado ano. Do lado contrario, os crecementos son máis modestos aínda que non por iso menos importantes en Santiago –que rexistra unha suba do 6,5%- e en A Coruña –cun incremento do 7,6% neste caso-.

Variación da demanda turística hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. 2016/15




DEMANDA TURÍSTICA - TIPOLOXÍAS

O 82,0% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 65,0%- como ás pensións –co 16,9% neste caso-.

O 18,0% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 4,2% da demanda total-, aos cámpings –o 9,6%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 4,2% neste caso-.

Reparto da demanda turística nas diferentes tipoloxías de aloxamento regrado. Noites 2016




DEMANDA TURÍSTICA – TIPOLOXÍAS

En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste ano un comportamento homoxéneo, con incrementos da demanda en todas as modalidades. O crecemento de maior intensidade sitúase no segmento extrahoteleiro e particularmente nos apartamentos turísticos onde os niveis de demanda soben un 31,5%. Nos establecementos de turismo rural o incremento é do 17% e nos cámpings do 15%.

No segmento hoteleiro obsérvase tamén un comportamento positivo pero de menor intensidade –do 8% nos hoteis e do 5% nas pensións-.

Evolución Demanda Turística Regrada por Tipoloxías. Noites 2016/15




DEMANDA TURISTICA – CATEGORÍAS

Dentro do ámbito hoteleiro obsérvase igualmente un comportamento positivo xeneralizado, con crecementos de diversa intensidade.

Destaca en termos relativos o incremento rexistrado polos hotéis dunha estrela, que melloran nun 10,7% as cifras do pasado ano. Soben tamén de forma destacada o segmento dos hotéis de tres estrelas –un 9,8%-. No lado contrario os crecementos máis suaves sitúanse nos hotéis de dúas estrelas e nas pensións dunha estrela –do contorno do 4% en ambos segmentos-.

En todas as categorías o incremento da demanda explícase en boa medida pola suba da cifra de viaxeiros aloxados acompañada nalgúns casos da mellora da estadia media.

Evolución Demanda Turística Hoteleira por Categorías. Noites 2016/15




DEMANDA TURISTICA – EST. HOTELEIROS

Fixando a atención no segmento hoteleiro obsérvase que o incremento deste ano engádese aos tres anteriores. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 –resultado da combinación do efecto pos-xacobeo nun contexto de crise- este sector entra nun senda positiva en 2013 cun incremento puntual do 1,8% que precede ás subas do 5,0% en 2014, do 8,3% en 2015 e do 7,2% agora en 2016, encadeando desta maneira catro anos consecutivos de crecemento da demanda.

Tal circunstancia permite xerar preto de 1,6 millóns de noites hoteleiras neste período, de 2012 a 2016, colocando o dato final en pouco máis de 8,2 millóns –cifra que supón un máximo histórico na nosa comunidade-. Supera nun 0,8% o dato do último Xacobeo 2010.

Evolución Demanda Turística nos ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS. Noites 2012-16




DEMANDA TURÍSTICA – APTOS. TURÍSTICOS

No ámbito dos apartamentos turísticos a tendencia é tamén positiva mais remóntase en realidade a principios de século. Desde o 2003 este segmento acumula incrementos constantes da demanda –medida en pernoctacións-, de diversa intensidade, coa excepción puntual de dous anos concretos –en 2006 que se mantén estable e en 2013 que descende apenas un 1%-.

O crecemento destes últimos tres anos é exponencial sendo cada vez de maior intensidade.

Esta tendencia coloca obviamente o nivel de 2016 en máximo histórico con 426 mil pernoctacións.

Evolución Demanda Turística nos APARTAMENTOS TURÍSTICOS. Noites 2012-16




DEMANDA TURISTICA – CAMPINGS

Os cámpings participan tamén da dinámica positiva da demanda nestes últimos e acumulan tres anos consecutivos de crecemento das pernoctacións –relativamente suave en 2014 e 2015 con subas do contorno do 3% interanual e máis acentuado agora en 2016 co incremento do 15%-.

Precisamente o crecemento deste ano permite romper a liña na que habitualmente se colocaba o nivel de demanda nos cámpings –desde o 2004 sitúase no intervalo das 800-900 mil noites- para acadar algo máis de 960 mil e marcar, tamén aquí, un máximo histórico.


Evolución Demanda Turística nos CAMPINGS. Noites 2012-16



DEMANDA TURISTICA – TURISMO RURAL

O segmento do turismo rural de Galicia acumula neste caso tres anos consecutivos de crecemento da demanda, a taxas semellantes –do 19,0% en 2014, do 17,5% en 2015 e do 17,0% agora en 2016- que permiten recuperar e mesmo superar os niveis perdidos nos anos centrais da crise –singularmente no trienio 2011-13- e marcar tamén un máximo histórico con preto de 424 mil noites.


Este sector supera por vez primeira a barreira dos 200 mil viaxeiros aloxados e das 400 mil noites en Galicia.



A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase levemente por encima das dúas noites neste 2016, cifra que supera nun 1,7% o dato do pasado ano.

Con este suave incremento rómpese en realidade unha tendencia de caídas consecutivas nos sete anos anteriores, circunstancia importante aínda que de momento puntual que en todo caso mantén a cifra en niveis baixos –nos anos 2008 e 2009 a estadía media nos establecementos regrados situábase en 2,3 noites de media-.


Estadía media nos Establecementos Regrados. Período 2011-16



O bo comportamento da demanda tradúcese en todas as tipoloxías consideradas nunha mellora dos niveis de ocupación en relación ao pasado ano 2015, de diversa intensidade.

A suba máis destacada prodúcese no segmento dos cámpings onde se superan en máis de tres puntos a cifra de 2015. Nos hotéis, apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural melloran os niveis de ocupación en máis de dous puntos quedando as pensións co incremento máis moderado –de 1,5 puntos neste caso–.


Os hotéis son a modalidade de aloxamento que rexistran o nivel de ocupación máis elevado, cun 40,5% de media en 2016. Pola contra son os establecementos de turismo rural os que amosan a cifra máis baixa, cun 18,2% neste caso.



Dentro do ámbito hoteleiro –hoteles e pensións en conxunto- o bo comportamento da demanda nestes catro últimos anos tradúcese nunha mellora paralela dos niveis de ocupación, con incrementos máis moderados en 2013 e 2014 e algo máis notables en 2015 e agora en 2016.

O resultado desta dinámica leva a que en catro anos o segmento hoteleiro mellora en máis de sete puntos os niveis de ocupación acadando de media o 36,1% neste 2016 –a cifra máis elevada dos últimos nove anos-.

% Ocupación nos Establecementos Hoteleiros. Período 2011-16




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

As tarifas hoteleiras en Galicia soben levemente neste ano 2016 situándose en 55,8 euros de media. A mellora dos niveis de demanda e ocupación, acontecida nun contexto de certo incremento dos prezos hoteleiros, permite aos establecementos hoteleiros da comunidade incrementar os niveis de rendibilidade en relación ao pasado ano 2015 –o RevPAR sobe un 8,0% ata situarse en 22,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Os bos resultados en termos de ingreso e rendibilidade hoteleira proveñen, por tanto, dunha mellora dos niveis de demanda e non tanto dun incremento das tarifas hoteleiras en relación ao pasado ano.


Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. Ano 2016



RENDIBILIDADE HOTELEIRA


O sector hoteleiro de Galicia acumula tres anos consecutivos de mellora dos seus niveis de rendibilidade. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 o RevPAR hoteleiro estabilízase en 2013 –ao contrarrestarse o efecto positivo da mellora dos niveis de ocupación cun descenso das tarifas hoteleiras- para comezar logo unha senda positiva de incrementos en 2014 –do 5,2%-, en 2015 –do 14,2%- e agora en 2016 –do 8,8%-. Esta tendencia positiva vén como consecuencia de dous efectos positivos: mellora dos niveis de ocupación nun contexto de certo crecemento das tarifas hoteleiras ou ADR –que soben un 1,2% en 2014, un 4,1% en 2015 e un 1,2% tamén agora en 2016-.

Variación da Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. Período 2012-16



RENDIBILIDADE HOTELEIRA

En termos absolutos, combinando a mellora dos niveis de demanda e ocupación nun contexto de leve crecemento das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste 2016 preto de 270 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, cifra que supera nun 8,8% o dato do mesmo período do pasado ano. Son preto de 22 millóns de euros de incremento do ingreso total en relación ao pasado ano 2015. Os ingresos totais do sector hoteleiro soben de forma consecutiva nos tres últimos anos –un 4,1% en 2014, un 11,5% en 2015 e un 8,8% agora en 2016- recuperando e mesmo superando os niveis perdidos en anos anteriores.



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación en 2016 visitaron Galicia algo máis dun millón de turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados e que segundo o INE experimentou unha caída do 17,5% en relación ao 2015.

O 64,5% visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados –un 16% fíxoo por motivos persoais mentres que un 10,5% visitou Galicia por negocios-.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte de Portugal –en particular o 91%- , estímase en preto de 3,4 millóns de persoas neste 2016.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR Ano 2016


	Ano 2016	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	1.074.645	100,0%
Vacacións / Ocio	692.658	64,5%
Persoal (Saúde, Familia,...)	170.890	15,9%
Negocios	112.442	10,5%
Resto motivos	98.654	9,2%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	3.383.825	-

CAMIÑO DE SANTIAGO

En relación co número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino obsérvase neste ano 2016 un incremento do 5,9% en relación ao 2015 acadando unha cifra total próxima ás 278 mil. É o quinto ano consecutivo no que se observa un crecemento do número de Compostelas situando a cifra deste 2016 en máximo histórico –supera nun 2,1% o dato do último Xacobeo 2010-.

É tamén o quinto ano consecutivo no que o volume de peregrinos estranxeiros supera aos españois –os primeiros representan en 2016 o 55,3% do total con preto de 154 mil-.

Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas 2011-16




CAMIÑO DE SANTIAGO


Obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos segundo a procedencia. En relación ao pasado ano incrementábase levemente o volume de peregrinos españois –un 1,5%- e de forma máis notable a cifra dos estranxeiros –un 9,7% neste caso- acadando un máximo histórico con preto de 154 mil neste ano. Por rutas destaca o Camiño Francés –co 63,4% do total-, que rexistra un incremento do volume de peregrinos do 2,3%. Os restantes camiños amosan en global un maior dinamismo superando nun 12,8% as cifras do pasado ano 2015 –neste grupo cabe sinalar o incremento do volume de peregrinos no Camiño Portugués, do 20,9% neste 2016-.

Dentro dos mesmos destaca o comportamento do Camiño Portugués que rexistra un incremento do número de Compostelas do 20,9%.

Evolución Peregrinos, por procedencia. Ano 2016/15



Evolución Peregrinos, por rutas. Ano 2016/15




CAMIÑO DE SANTIAGO

O incremento do número de peregrinos prodúcese singularmente nos meses fóra do verán. Xustamente no período estival, e por vez primeira na serie histórica, obsérvase unha leve caída da cifra de Compostelas –do 0,4%–, circunstancia que se circunscribe especificamente ao mes de agosto –cando se rexistra un descenso do 2,0%–. Fóra da temporada alta obsérvase un incremento global do 9,7%.

O descenso do número de Compostelas no verán atinxe ao segmento dos españois –cuxa cifra cae un 2,2%– pois o volume de estranxeiros segue a senda positiva global cunha suba do 5,1%.

En temporada media e baixa o comportamento de ambos segmentos é semellante aínda que difire en intensidade –a cifra de peregrinos españois sobe un 2,4% mentres que a de estranxeiros increméntase nun 12,6%–.

Evolución Peregrinos, por procedencia e temporada. Ano 2016/15




CAMIÑO DE SANTIAGO

Outro dos indicadores que se manexan na análise da demanda no Camiño de Santiago é o número de noites rexistradas na rede de albergues públicos do Xacobeo.


En 2016 rexistráronse algo máis de 324 mil noites, cifra que descende nun 3,2% en relación ao dato do pasado 2015. A tendencia dos últimos anos amosa caídas consecutivas desde o 2011, a taxas variables, coa única excepción do leve incremento producido en 2013. Os descensos non son moi acusados mais sosteñen a tendencia de descenso do número de noites en albergues públicos desde o 2010.

Por rutas obsérvase un descenso das noites rexistradas nos albergues públicos do Camiño Francés –do 7,6%- e, pola contra, un incremento daquelas correspondentes aos restantes camiños –do 2,4% neste caso-.

Evolución Noites en Albergues Públicos. Período 2011-16



Variación Noites en Albergues Públicos. Ano 2016/15



CAMIÑO DE SANTIAGO

No ámbito do Camiño Francés, en particular, e tomando en consideración as cifras aportadas polo INE, obsérvase en 2016 un descenso tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma das pernoctacións nos hotéis e pensións dos concellos presentes na ruta –caen un 5,4% e 5,1% respectivamente en relación ao 2015-. Obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado: cae a cifra de viaxeiros españois aloxados no camiño –un 13,6%- e incrementase, pola contra, o volume de viaxeiros estranxeiros –un 2,0% neste caso-.

Estes últimos son maioría nos establecementos hoteleiros do Camiño Francés –representan o 57% do total-. O segmento dos españois supón neste caso o 43%.

A pesar da caída da demanda o nivel de ocupación mantense estable como consecuencia dun descenso paralelo e similar en intensidade do volume de prazas dispoñibles en relación ao 2015.

Demanda Hoteleira no Camiño Francés. Ano 2016

	ANO 2016	Var. Int. 16/15
VIAXEIROS ALOXADOS	362.525	-5,4%
Españois	156.448	-13,6%
Estranxeiros	206.077	2,0%
NOITES	384.677	-5,1%
ESTADÍA MEDIA	1,06	0,3%
OCUPACIÓN (%)	36,75%	0,08


CAMIÑO DE SANTIAGO

A caída da demanda hoteleira no Camiño Francés prodúcese tanto no verán –meses de xullo e agosto- coma no resto do ano, en proporcións algo dispares –o volume de viaxeiros aloxados descende un 8,5% no período estival e un 3,7% no resto do ano-.

O descenso da demanda no verán vén como consecuencia dun mal comportamento dos dous grandes segmentos de mercado –cae o turismo nacional un 8% e o internacional un 9%- . No resto do ano, sen embargo, o comportamento non é homoxéneo pois mantense o descenso do turismo nacional –do 18%- mais sobe e mellora o turismo internacional –un 6%-.

En termos globais, por tanto, obsérvase un comportamento negativo coa excepción do segmento internacional que mellora os seus niveis de demanda fóra do período estival.

Demanda Hoteleira no Camiño Francés, por procedencia e temporada. Ano 2016



TRÁFICO AEROPORTUARIO

O tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia incrementábase un 12,3% neste ano 2016 rexistrando algo máis de 4,5 millóns no conxunto da comunidade.

O incremento global da cifra de pasaxeiros vén como consecuencia da mellora rexistrada nos tres aeroportos, con diversa intensidade. Destaca en termos relativos a suba correspondente ao aeroporto de Vigo que supera nun 34% o tráfico de pasaxeiros do pasado ano. En A Coruña o incremento é máis suave –do 3,7%– mentres que en Santiago a porcentaxe sitúase no 9,3%.

En termos absolutos o incremento achégase ao medio millón de pasaxeiros sendo Vigo e Santiago os que se levan a maior parte da cifra –con 240 mil novos pasaxeiros en Peinador e 215 mil en Lavacolla–.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Ano 2016

AEROPORTO	Ano 2016	Ano 2015	Var. Int. 16/15
A CORUÑA	1.063.291	1.025.688	3,7%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.510.740	2.296.409	9,3%
VIGO	954.006	713.567	33,7%
GALICIA	4.528.037	4.030.826	12,3%


TRÁFICO AEROPORTUARIO

O 68% do tráfico aéreo está operado por compañía aéreas de baixo custe, boa parte do cal se circunscribe ao ámbito nacional –en particular o 53% do total-. O 15% restante é de ámbito internacional.


As compañías tradicionais absorben en cambio o 32% do tráfico de pasaxeiros sendo maioritario de ámbito nacional.

O incremento do volume de pasaxeiros nos aeroportos galegos prodúcese como consecuencia do bo comportamento experimentado nos segmentos considerados. Sobe un 30,3% o tráfico aéreo das compañías tradicionais, un 3,5% aquel de baixo custe operado no ámbito nacional e un 11,7% o tráfico de pasaxeiros de compañías “low cost” de ámbito internacional.

Peso do tráfico aéreo regular por compañía e clase. Ano 2016



Var. Tráfico aéreo regular por compañía e clase. 2016/15



TRÁFICO CRUCEIROS


O tráfico de cruceiros en Galicia –medido en volume de pasaxeiros- descende en 2016 en relación ao pasado ano –un 14% en particular-. Rexístranse desta maneira preto de 317 mil pasaxeiros no conxunto dos catro portos da comunidade, a cifra máis baixa dos últimos seis anos.

O número de cruceiros que visitaron a nosa comunidade, sen embargo, incrementouse nun 5,2% con pouco máis de 200 en Galicia.

Infírese, por tanto, un descenso do ratio de pasaxeiros por cruceiros neste 2016 pasando dun promedio de case 1.900 en 2015 a pouco máis de 1.500 agora en 2016.

Maio, setembro e outubro son os meses nos que se rexistra unha maior afluencia de cruceiros a Galicia.

Tráfico de cruceiros en Galicia (pasaxeiros). Período 2011-16




TRÁFICO CRUCEIROS


O turismo de cruceiros en Galicia continúa centrado nos dous portos principais da comunidade –Vigo e A Coruña- que absorben o 53,4% e 40,0% do total, respectivamente, neste 2016. No porto de Ferrol rexístrase o 6,3% do total de pasaxeiros da comunidade.

A caída do tráfico de cruceiros en Galicia é unha característica común aos catro portos da comunidade, isto é, descende o volume de pasaxeiros en todos os portos considerados, con diversa intensidade. Nos portos máis importantes o descenso sitúase no 9,8% -caso de A Coruña- e no 17,5% -caso de Vigo- en relación ao 2015. A nivel temporal o tráfico de pasaxeiros cae en todos os meses do ano agás en dous puntuais: outubro e decembro.

Reparto do tráfico de pasaxeiros por porto. Ano 2016



Var. Tráfico de pasaxeiros, global e por portos. 2016/15



EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

Segundo a Enquisa de Poboación Activa no ano 2016 o sector turístico de Galicia rexistrou 108.542 ocupados, cifra que *grosso modo* mantense estable en relación ao 2015. Supón o 10,4% do total de ocupados nas diferentes ramas da economía da comunidade.

Case tres de cada catro persoas ocupadas son asalariados –porcentaxe menor á do pasado ano- mentres que a cifra restante figuran como autónomos.

Dentro dos asalariados do sector obsérvase unha taxa de temporalidade próxima ao 40%.

En paralelo ao anterior a EPA constata que en 2016 subiu o desemprego no sector incrementándose nun 5,5% a cifra de parados en relación ao 2015 –situando a cifra final en 17.220-. Esta suba coloca a taxa de paro no sector no 13,7%, cifra que supera en 0,7 puntos o dato do pasado ano.


Emprego no sector turístico. EPA 2016

	Ano 2016	Ano 2015	Var. Int. 16/15
OCUPADOS	108.542	108.813	-0,2%
PARADOS	17.220	16.328	5,5%
TAXA DE PARO	13,7%	13,0%	+0,7 ptos.
TAXA DE ASALARIADOS	72,9%	74,2%	-1,3 ptos.
TAXA DE TEMPORALIDADE	39,2%	40,3%	-1,2 ptos.

EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe– obsérvase un incremento das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano. Soben en concreto un 2,4% situándose a cifra media de 2016 en pouco máis de 75 mil no conxunto da comunidade. Son tres anos consecutivos de incremento das afiliacións á Seguridade Social nas ramas citadas pasando dun promedio do contorno das 70 mil no trienio 2011-13 a pouco máis de 75 mil agora en 2016. A nivel desagregado obsérvase que o incremento das afiliacións prodúcese en todas as ramas consideradas. Soben nun 3,6% nos servizos de aloxamento, nun 2,1% nos servizos de restauración e nun 6,6% nas actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e similares.

Evolución Afiliacións á Seguridade Social (Hostalería e Axencias de Viaxe). Período 2011-16



Turismo en Galicia

Balance anual 2016



galicia